



## Equipo de Dinamización da Lingua Galega

### Avaliación do Plan Proxecta San Clemente Salvavidas

---

Finalizadas as actividades do Plan Proxecta San Clemente Salvavidas, procedemos á súa avaliación conforme os puntos indicados no formulario de solicitude:

- *Como foi tratado o tema desde o punto de vista curricular:*

Principalmente por medio dos módulos FOL (hábitos saudables, prevención de riscos laborais, etc), Aplicacións Ofimáticas (presentacións e vídeo) e transversal (uso do galego e fomento de actividades creativas).

Os resultados están expostos na web do instituto:

[www.ies.sanclemente.net/plurilinguismo/equipo/plan-proxecta](http://www.ies.sanclemente.net/plurilinguismo/equipo/plan-proxecta)

- *Presenza da temática no IES, no website, asistencia ás charlas e interese por solicitar a tarxeta de doador:*

A temática estivo presente por medio de carteis e da exposición doARTE, tamén se publicaron documentos informativos, e unha campaña para solicitar o carné de doador. A curtamestraxe "O paso previo" e as presentacións tamén están accesibles no mesmo enderezo web.

Realizouse unha charla da OCT de asistencia obligatoria para o alumnado obxectivo do proxecto e libre para o resto do alumnado. O aforo completouse.

Tamén cabe destacar a publicación de artigos en La Voz de Galicia e no Faro de Vigo sobre a exposición doARTE.

- *As participacións e contidos do traballo final, incluíndo o concurso de curtamestraxes.*

A recompilación de materiais nun traballo final fixose no propio website do centro, onde están todas as accións accesibles, organizadas por data.



- *A utilización da lingua galega nas actividades do proxecto.*

O galego foi a lingua empregada por parte de todo o alumnado e profesorado implicado no proxecto e nesta lingua están todos os materiais producidos: curtamentaxe, presentacións, exposición, catálogo, información, exercicios de exame, etc.


Por todo isto, consideramos que o desenvolvemento do proxecto foi satisfactorio.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2015.

Visto e prace: A directora



Solicitar orixinal a: [edlg@ies.sanclemente.net](mailto:edlg@ies.sanclemente.net)

  
Carmen Viñas Álvarez